

## V CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

O Concello do Pereiro de Aguiar, a través da Área de Cultura e da Biblioteca Municipal convoca o “**V CONCURSO DE MARCAPÁXINAS**”, para conmemorar o Día do Libro o próximo 23 de abril.

**1. Participantes:** Nenos e nenas de entre 3 e 15 anos.

Estableceranse tres categorías:

- De 3 a 6 anos.
- De 7 a 10 anos.
- De 11 a 15 anos.

A participación no concurso implica a aceptación das bases.

**2. Formato:** O marcapáxinas a presentar deberá ter unhas medidas de 5x20cm e o deseño realizarase por unha das caras. Pola parte traseira, levará o pseudónimo que identifique o traballo e a idade.

**3. Presentación:** Os traballos presentaranse de xeito presencial na Biblioteca, de luns a venres de 9.45h. a 13.30 h. ou de 16.00 a 19.45 h.

Xunto co marcapáxinas, entregaranse nun sobre pechado os datos identificativos, nome e apelidos, idade e número de teléfono. Por fora levará o pseudónimo que se corresponderá co que aparece no marcapáxinas.

Poderanse presentar un máximo de 2 por participante.

**4. Prazo de presentación:** O prazo comeza no momento de publicación das bases, e remata o 16 de abril.

**5. Dereitos de propiedade.** Cada participante cede tódolos dereitos en relación co traballo realizado e presentado ao Concello do Pereiro de Aguiar. Do mesmo xeito cédense os dereitos de manipulación, edición, exposición e reprodución das imaxes.

---

### Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



- 6. Selección dos marcapáxinas gañadores:** Á hora de valorar, os membros do xurado terán en conta a orixinalidade, a imaxinación, a estética do marcapáxinas, a técnica e a variedade de materiais empregados así como o resultado final.
- 7. Xurado e fallo:** O xurado será elixido pola organización, e o fallo emitirase o día 21 de abril. Os gañadores do concurso comunicaranse mediante vía telefónica aos interesados e a través da web e das redes oficiais do Concello.
- O xurado escollerá 18 marcapáxinas gañadores, 6 por categoría.
- 8. Premios:** Os traballos seleccionados serán impresos e repartidos nos colexios e tamén estarán dispoñibles para todos os usuarios da Biblioteca Pública do Pereiro de Aguiar.
- Todos os nenos e nenas que participen recibirán un diploma.
- 9. Máis información:** Calquera información ou aclaración, no enderezo electrónico [cultura@concellopereiro.com](mailto:cultura@concellopereiro.com) ou no teléfono 988 259 839.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez

---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

